

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de decembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1486).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de decembro, extraordinarias e urxentes do 19 e 21 (dúas sesións) de decembro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1487).- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DO 25.11.11 SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE SCHOOLHOUSE C.B. EXPTE. 7827/101.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e RR.PP, do 20.12.11, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

Con data 25 de novembro de 2011 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de concesión de subvención por importe de 2500 euros a favor de Schoolhouse C.B. Como axuda ós gastos do "Concurso Deletréo en Inglés 2011".

No mentado acordo figura como correctamente a cantidad de 2500 euros no encabezamento do mesmo. Nembargantes no texto do acordo, por erro de trasncripción figura a contía de 2000 euros.

Por todo isto prégase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local no sentido seguinte:

1. “Conceder a Schoolhouse, NIF- E-36.693.612 , unha subvención por importe de 2.500 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados por organización e celebración do “Concurso de Deletréo en Inglés 2011” (Spelling Bee Contest), así como a estancia en Toronto-Canadá para o gañador, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.
2. Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5. A beneficiaria, no prazo de cinco meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado

motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6. *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*
7. *O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
8. *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*
9. *Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestate sancionadora.*
10. *O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de más actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa acega é obligatoria.*

Os ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11. *O beneficiario poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.*
12. *No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”*

Acordo

A Xunta de Goberno acorda rectifica o mentado acordo da Xunta de Goberno local do 25.11.11, conforme o exposto na precedente proposta.

**3(1488).- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL
14.10.11 SOBRE “RESOLUCIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL E COMEDOR, CURSO 2011-2012 (2ª RESOLUCIÓN PARCIAL)”. EXPTE. 70063/301.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Política de Benestar, do 19.11.11, conformado polo xefe de Área e a concelleira delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

Con data 14 de outubro de 2011 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo da Resolución das axudas Municipais Escolares de libros, material escolar e comedor, curso 2011/2012 (2ª resolución parcial). No punto terceiro (aprobación de axudas da lista de agarda) existe un erro material no apartado de Axudas de libros e material escolar, e donde dí: “Solicitudes aprobadas de lista de agarda: 39”, debe decir; “Solicitudes aprobadas de lista de agarda: 40”. Por elo, donde dí: “Concédense 39 axudas procedentes da lista de agarda....” debe decir: “Concédense 40 axudas procedentes da lista de agarda...”

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección dos puntos sinalados no acordo de da 2ª resolución parcial das Axudas Municipais escolares para libros, material escolar e comedor para ocurso 2011/2012.

No entanto, a Xunta de Goberno Local adopte o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1489).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.670,85 € A SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. POLOS SERVICIOS DE SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DE CEDRO. EXPTE. 1715/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 15.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 7.11.11, conformado polo xefe da Área de Accion Social e pola concelleira-delegada da área de Política e Benestar, a Xunta de Goberno locla acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 24.670,85 €, a favor de “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA”, Cif. A79252219, polos servizos de vixilancia e seguridade na Unidade Asistencial de Drogodependencias –CEDRO- durante os meses de maio, xuño, agosto e setembro de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 24.670,85 euros á partida orzamentaria 3133.227.01.00 “Contratación Servicio Seguridade”, ou Bolsa de Vinculación.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuizo nin limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

5(1490).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNNS E DEMOLICIÓNNS XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 947/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, que tivo lugar o 20.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1. TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.
2. RECLICLAJE AVI, , S.L.
3. GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU
4. TOCA Y SALGADO, S.L.

Segundo.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requerimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgado da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 661,90 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(1491).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS NA AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 984/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, que tivo lugar o 14.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Exluír da clasificación as ofertas correspondentes as mercantís que se citarán a continuación por non pode ser cumplidas como consecuencia da inclusión nas mesmas de valores anormais ou desproporcionados:

- CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.
- MARCO OBRAS Y PROYECTOS DE AROSA, S.L.
- PROYECTA ADTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN, S.L.
- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
- PETROLAM A VEIGA, S.L.
- CONST. VALE, S.L.
- CONST. CANOSA, S.L.
- VIALIA EDIFICACIÓN CIVIL, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as propostións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

Empresas	puntuación total
ORESA, S.L.	91,99
EIRIÑA, S.L.	91,00
MOVEX VIAL, S.L.	91,00
HIDROSCIVIL, S.L.	90,90
C.D. INDEPO, S.L.	88,99
CONSTRUCCIONES PARAXE, S.L.	88,71
JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONST. S.A.	88,71
CONSLAR INGENIERÍA Y CONST. S.L.U.	86,79
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	83,16
HORDESCON, S.L.	81,51
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	81,02
AGRUPCONSA, S.L.	80,67
PLYGEPE, S.L.	80,00
CONTRATAS Y CALZADAS, S.L.	79,97
FARO, S.L.U.	78,65
SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	78,00
COPCISA, S.A.	77,51
EDUARDO BOÁN ÁLVAREZ	74,00
C. ALDASA, S.L.U.	66,00
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	53,59
CONST. HNOS. CARRAJO, S.A.	47,00
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	43,51
CONST. PALLEIRO, S.L.U.	34,50

Terceiro.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquél en que recibise o requerimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incorso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgado da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometen a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 664,94 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

7(1492).- ADXUDICACIÓN DE ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA PARA CHATARRA. EXPTES. 3762/241,3772/241, 3815/241, 3829/241.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, que tivo lugar o 22.11.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenar a Desguaces Peinador, S.L. 167 vehículos relacionados nos expedientes 3762-241, 3815-241 e 3829-241 por un importe de 45.591 euros e de 2.440 euros para o alleamento dos vehículos para chatarra do Parque Central relacionados no expediente 3.772-241.

8(1493).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes e de conformidade cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a ITURRI S.A. as fianzas por importe de 17.956,40 €, 21978 €, 3.920,88 € e 43.956 € constituídas para responder das subministracións de vestiario e vehículos xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3838/241.

B) Devolver á ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS a fianza por importe de 5.600 € constituída para responder da xestión do servizo de atención domiciliaria á infancia, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3886/241.

9(1494).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.654,32 € A SERVIZOS SECURITAS S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIS, DE SETEMBRO A DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 13602/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.12.11, e de acordo co informe-proposta da xefe do Servizo de Cultura, do 19.12.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira-delegada da Área Cultura, Festas e Política do Benestar, a Xunta de Goberno local:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2612X100313, de 24.654,32 € (vinte catro mil seiscientos cincuenta e catro euros, con trinta e dous céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais” (RC 2839).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 24.654,32 € (vinte catro mil seiscientos cincuenta e catro euros, con trinta e dous céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais durante os meses de setembro-decembro de 2011, incluídos, con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2612X100313, 24.654,32 € (vinte catro mil seiscientos cincuenta e catro euros, con trinta e dous céntimos) con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

10(1495).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 80.941,64 € A SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A-SECURITAS SISTEMAS DE SEGURIDAD S.A. UTE POLOS SERVIZOS DE VIXILANCIA EN DEPENDENCIAS CULTURAIS, DE SETEMBRO A DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 13605/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.12.11, e de acuerdo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura, do 19.12.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3612L100018, de 80.941,64 € (oitenta mil novecento corenta e un euros con sesenta e catro céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405” que deben ser imputados á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións” (RC 2836).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, por un importe total de 80.941,64 € (oitenta mil novecento corenta e un euros con sesenta e catro céntimos) en concepto de servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade en dependencias culturais, realizados no período setembro-decembro de 2011, incluídos, con cargo á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, a factura 3612L100018, de 80.941,64 € (oitenta mil novecento corenta e un euros con sesenta e catro céntimos) con cargo á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

11(1496).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB DE ATLETISMO VIGO PARA ORGANIZAR A “CARREIRA SAN SILVESTRE 2011” O DÍA 31.12.11. EXPTE. 10736/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.12.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, ao Club de Atletismo Vigo, a organizar o vindeiro sábado 31 de decembro de 2011, a “Carreira San Silvestre 2011” dita carreira comenzará ás 17.00 horas dentro do parque de Castrelos, atravesando no seu recorrido a carretera de baixada, a proba rematará arredor das 20.30 horas.

12(1497).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR “CAMPAMENTOS URBANOS NO NADAL” Á EMPRESA CONCESIONARIA DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CON CONSTRUCIÓN DE OBRA PARA AS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO DO PERI II-12 A FORIDA B. EXPTE. 11030/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 19.12.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a empresa AQUA Vigo Xestión Deportiva, S.A. concesionaria da contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II, para a realización das seguintes actividades extraordinarias nas datas do nadal 2011, as cales deberán executarse de acordo coas obrigas recollidas no marco contractual vixente:

a.- Programa multideportivo no nadal.

Denominación: Campus multideporte nadal 2011.

Actividade: Multiactividades deportivas.
Idades: entre 5 e 13 anos
Datas: entre o 26 de decembro e o 5 de xaneiro.
Horarios: opción a) de 10.00 a 14.00 h.
 opción b) ampliación de horario de 09.00/10.00 ou/e de 14.00/15.00 h.

Prezos: Non abonados: 99,00 €. Ampliación horario: 1 h: 20,00 €.
Abonados: 76,00 €. Ampliación horario: 1 h: 20,00 €.

b.- Programa de Campus Padel:

Actividade: Padel.
Idades entre 5 e 13 anos.
Datas: entre o 26 de decembro e o 5 de xaneiro.
Horarios: opción a) de 10.00 a 14.00 h.
 opción b) ampliación de horario de 09.00/10.00 ou/e de 14.00/15.00 h.
Prezos: Non abonados: 99,00 €. Ampliación horario: 1 h: 20,00 €.
Abonados: 76,00 €. Ampliación horario: 1 h: 20,00 €.

13(1498).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A D. DAVID POSADA GONZÁLEZ PARA A ORGANIZACIÓN DA “I CARREIRA POPULAR CORRENDO POR VIGO” O DÍA 8.01.12. EXPTE. 10754/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.12.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, David Posada González, delegado en Galicia de Running solutions, a organizar o vindeiro domingo 8 de xaneiro de 2012, a I CARREIRA POPULAR CORRENDO POR VIGO, a partir das 11.00 horas, con saída dende a rúa Aragón, preto da rotonda do Centro Comercial Travesía de Vigo, pasando por diante de dito centro ata a rotonda que conflue coa Avda. de Buenos Aires, volta de novo pola Travesía de Vigo ata a rotonda con Jenaro de la Fuente, subir Jenaro de la Fuente, xirar pola rúa Aragón ata o punto de saída, para comenzar a segunda e última volta xirando na rotonda do Centro Comercial a ezquerda, collendo Travesía de Vigo dirección Jenarao de la Fuente.

14(1499).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE 11.764,71 € A MARTÍN LAMAS ARQUITECTURA S.L. EN CONCEPTO DE HONORARIOS POLA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL NA RÚA RAMÓN NIETO N° 302 LAVADORES. EXPTE. 1194/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.12.11, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 19.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe 11764,71 euros (IVE incluído) en concepto de honorarios pola redacción do proxecto básico e de execución de reforma de local na planta baixa para escola infantil na rúa Ramón Nieto nº 302, Lavadores., a favor de Martínez Lamas Arquitectura S.L, con C.I.F. B-32.287.385, segundo factura nº 10/11 de data 16/12/2011, presentada polo Rexistro Xeral con data 16/12/11, nº de expediente 11937440.

2º.- Imputalo á aplicación 3210.622.00.01, “*Construcción escola infantil en Lavadores*” dos orzamentos municipais do ano 2011.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación algúンha para a realización de todas as atencíons do exercicio corrente na conseguinte partida.

15(1500).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓNS (SIX'S) DE RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE'S) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE. 3119/252.

Examinadas as actuacíons do expediente, visto o informe xurídico do 13.12.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 30.11.11, conformado polo concelleiro delegado de Limpeza, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de Residuos de Aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE'S) conforme ao seguinte modelo:

Documento de adhesión do Concello de Vigo ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s)

Visto o artigo 7.2 do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión de residuos prevé a participación das Entidades Locais nos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, mediante a adhesión ao Convenio de colaboración asinado entre os sistemas integrados de xestión e as Comunidades Autónomas.

Dado que a Resolución de autorización do Sistema Integrado de Xestión, prevé que os entes locais poderán participar voluntariamente no sistema integrado autorizado, facéndose efectiva a participación mediante a adhesión ao Convenio de colaboración entre a CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA e as entidades xestoras dos SIG.

Mediante o presente escrito, solicitamos a adhesión ao Convenio de colaboración asinado con data 19/01/2009 entre a CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA, e as entidades xestoras dos SIG co fin de garantir o cumprimento do

Real Decreto 208/2005 do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

De conformidade co pacto quinto de Convenio de colaboración referido anteriormente, achegamos ao presente escrito o acordo expreso de adhesión por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o cal inclúe a asunción dos compromisos mínimos contidos no referido pacto.

Atentamente.

*En Vigo a de de 2011
O Alcalde do Concello de Vigo*

2º.- Que se condicione a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio Marco, á inclusión dunha condición particular no Anexo II “Relacións e obrigas de carácter económica entre as entidades locais e as entidades xestoras dos SIX” de xeito que a facturación dos importes que procedan dos residuos realmente xestionados na cidade de Vigo, medidos en toneladas, en compensación dos custos asumidos polo Concello de Vigo, sexan repercutidos á Oficina de Coordinación directamente polo propio Concello ou ben a través dunha delegación de fluxos económicos na empresa concesionaria que no seu caso xestione legalmente o Servizo.

3º.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que asine o documento de adhesión.

4º.- Dar conta ao Pleno do Concello de Vigo do contido do presente acordo.

16(1501).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 40.955,55 € A VIGILANCIA INTEGRADA S.A. POLOS SERVIZOS DE CUSTODIA DE OBRAS DE ARTE DA COLECCIÓN DO MUSEO MUNICIPAL POR EXPOSICIÓN NA PINACOTECA MUNICIPAL (MAIO-AGOSTO 2011). EXPTE. 4492/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 14.12.11, e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 1.12.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural da Área de Cultura, Festas e Museos e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 40.955,55 € (IVE incluido); a prol da empresa VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., co CIF A – 78917465, pola prestación de servizos de custodia de obras de arte da colección do museo municipal por mor da exposición temporal “O fermoso rostro do país”, no edificio da Pinacoteca Municipal no periodo maio-agosto 2011 segundo as seguintes facturas:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
6500297691	31/05/11	10/06/11	110086421	12.159,19 €
6500300400	30/06/11	12/07/11	110098980	11.766,96 €
6500301659	31/07/11	05/08/11	110107100	12.061,13 €
6500303436	31/08/11	09/09/11	110117670	4.968,27 €

TOTAL	40.955,55 €
-------	-------------

2º.- Imputalo á partida 3330.2270101, R.C. 201100017371, correspondente ao orzamento do Museo Municipal para o exercicio 2011.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuizo nin limitación algúna para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

17(1502).- RENUNCIA EXPRESA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN VECIÑAL “CAMIÑO VELLO” DE COIA. EXPTE. 1363/334.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 2.12.11, conformado polo concelleiro de Deportes e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

Aceptar a renuncia expresa da subvención concedida á Asociación veciñal "Camiño Vello" de Coia (G-36 648 186), importe da subvención 1.099,24 € e, polo tanto, anular o compromiso adquirido segundo o acorda da Xunta de Goberno local de data 16 de setembro de 2011.

18(1503).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2011. EXPTE. 1384/334.

Mediante providencia de data 15.12.11, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Deportes e Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación de gasto menor tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística, que son os seguintes:

Expediente	1353/334. Subministro de libros
Decreto concelleiro	data 23 de novembro de 2011
Informe Intervención	RC 81080
Adxudicatario	Edicións Xerais de Galicia, S.A.
Importe	550,02 euros

Expediente	1359/334. Realización do curso de comunicación para o Club de debate
Decreto concelleiro	data 29 de novembro de 2011
Informe Intervención	RC 84087
Adxudicatario	Tagen Ata Sociedade Cooperativa Galega
Importe	592,84 euros

Expediente	1360/334. Subministro de libro-CD "O año pitaño"
Decreto concelleiro	data 29 de novembro de 2011
Informe Intervención	RC 84089
Adxudicatario	PAI Edicións, S.L.
Importe	3.097,50 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(1504).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 59.556 € A OUTSOURCING SINGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE S.L. POLOS SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 2366/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.11, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28ª das Bases de execución do orzamento para o ano 2011, por un importe de 59.556,00 € (cincuenta e nove mil cinco centos cincuenta e seis euros), a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L. (CIF:B-47451794).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L.

3º.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 9240 2279900 (Teleoperadoras, 010 e envío mensaxes), a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., para o abono das facturas núm. 500882/2011, 500995/2011 , 501095/2011 e 501217/2011 polo importe total de 59.556,00 €.

20(1505).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 167.206,51 € A FAVOR DE LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A. POLA LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (XULLO 2011). EXPTE. 19263/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 28.09.11, o informe xurídico do xefe do Servizo de Patrimonio, do 15.12.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 5.09.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., en concepto de indemnización substitutiva, 167.206,51 euros, corresponde ó adeudado á empresa

perante o mes de xullo de 2011, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo, que se imputarán a partida presupostaria 9220.2270000.

21(1506).- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNES FORMULADAS NO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN MUNICIPAL DA ZONA PORTICADA SITA A NIVEL DA PLANTA BAIXA DO EDIFICO Nº 10 DA RÚA COUTO DE SAN HONORATO. EXPTE. 19283/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 7.12.11, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 novembro , do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*
- *L 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 9/2002 de 30 de decembro, Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural (LOUGA)*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por Resolución da Concelleira Delegada de Patrimonio de data 7 de novembro do 2011 resolveuse: “1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión municipal da zona porticada sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, dunha superficie de 651,22 m², pola súa ocupación mediante a realización dun peche ao longo de todo o seu perímetro pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato. 2º.- Concederlle trámite de audiencia á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, polo prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoación, co fin de que teñan vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estime conveniente. “

SEGUNDO.-Notificado en data 16.11.2011 á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato a Resolución ditada, formulase por Da. Aurora María Nieves Blanco en data 5/12/2011, e D. Jose Antonio Cambor García en data 12/12/2011 (Presidente da Comunidade de Propietarios do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato), alegacións nas que suscintamente veñen a sinalar que: o espazo constitue un foco de problemas de seguridade pública e de salubridade, hixiene e ornato; que existe un acordo do ano 2002 do Concello aconsellando seu peche, e que non reune as condicións para o seu uso, solicitando o arquivo do expediente.

TERCEIRO.- Pola Xerencia Municipal de Urbanismo comunicouse a resolución da Concelleira Delegada da Area de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos do 11.11.2011 da incoación á Comunidade de Propietarios Couto de san Honorato nº 10 dun expediente de protección da legalida-

de urbanística pola execución de obras consistentes en peche de zona porticada sen que conste outorgada licenza municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é titular dun dereito de uso de superficie da zona porticada sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, dunha superficie de 651,22 m², cedida gratuitamente por Promociones Inmobiliarias Mario Puentes SA, en escritura pública de 6 de maio de 1998 autorizada polo notario D. Mariano Vaqueiro Rumbao co nº 928 do seu protocolo, e inscrita a favor desta Administración no Tomo 1.048, folio 143 vto, finca nº 70.427, inscripción 4^a no Rexistro da Propiedade nº 1 de Vigo.

A zona afectada polo dereito de uso de superficie, exténdese a todo o longo dos lindeiros sur, leste e oeste, e descríbese do seguinte xeito: Norte, planta baixa do edificio señalado co nº 10 á rúa Couto de San Honorato, na que se situán os espacios propios do portal e núcleo de escaleiras e ascensores; sur e oeste, con espacios libres de uso público; e leste, parcela A”, propiedade de Parque Filipinas SA.

A cesión efectuouse no cumprimento das condicións da licencia outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo de data 5.12.1997 (exp 28238/421).

SEGUNDO.- Do expediente tramitado resulta acreditado que dita zona porticada de uso público atópase pechada por todo o seu perímetro por parte da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato impedindose o seu destino aos fins de uso público para os que foi cedido.

TERCEIRO.- No que se refire ás alegacións formuladas procede sinalar que nin as razóns de seguridade ou salubridade alegadas, ou a remisión a un acordo do ano 2002 da Xerencia que aconsellaba o peche, non a lexítima para poder levalo a cabo, carecendo do correspondente título habilitante para a ocupación do dominio público (art. 84 LPAAPP) ou da preceptiva licencia urbanística (art. 194 da LOUGA, e mais no presente caso no que xa consta que con anterioridade a dita comunidade, en resposta a unha solicitude interesando autorización para efectuar dito peche por razóns de seguridade e salubridade (exp. 42800/421), deuselle traslado o 27.08.2002 , dun informe emitido polo Servicio de Patrimonio deste Concello no que se comunicou que “...la zona porticada objeto de cesión de uso debe mantener su condición de uso público de libre tránsito.”

Fronte a dita actuación ilícita, a Administración municipal, como titular do dereito conculado, e en virtude da que se atribue a xestión da zona de uso público e a realización das actuacións que no interese xeral estime por conveniente, ten o deber legal de exercer as competencias que en materia de protección da legalidade urbanística e na defensa do seu patrimonio lle reconoce o ordenamento xurídico, resultando disto non só a xustificación do presente procedemento senón tamen do que, no seu caso, iniciou a Xerencia Municipal de Urbanismo o pasado 11.11.2011 no ámbito das súas competencias para a reposición da legalidade urbanística.

No que atinxe ao alegado sobre a imposibilidade de adicación ao uso público da zona porticada por razóns de características constructivas, cota, pendente e situación da edificación, ainda que se trata dunha mera aseveración, carente de informe técnico que a xustifique, cabe sinalar, que a aparentadora municipal xa informa en data 13.10.2010 que tras o recoñecemento do local e dos seus accesos non existiría imposibilidade de que o local sexa destinado a uso público.

Finalmente, o feito de que dito dereito non conste de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos deste Concello non afecta nin incide en modo algún sobre a súa natureza xurídica. Cabe recordar

que o Inventario patrimonial das AAPP configúrase como un rexistro administrativo interno de obrigada formación para as AAPP, que non ten a consideración de rexistro xurídico nin público, que nin proba, nin crea nin constitúe dereitos alguns á prol da administración, resultando unha ferramenta de información e axuda para a xestión interna da propia administración, e polo tanto carece de transcendencia ós efectos do exercicio da acción administrativa..

CUARTO.- Consonte ó disposto no artigo 4 e 5 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 28 da LPAAPP, art. 270 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 9 do R.D. 1372/86 de Bens das Entidades Locais, estas teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.

Así mesmo, recoñeceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens e dereitos, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAAPP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).

O exercicio de acción recuperatoria dos bens e dereitos demaniais non está suxeito a límite temporal poidendo ser exercitada en calquera momento, e tendo por obxecto a restitución dunha posesión pública perturbada, como no presente caso, mediante a instalación dun peche perimetral de toda a zona porticada de uso público do edificio nº 10 da rúa Couto de S. Honorato desta cidade.

QUINTO.- Resultando do expediente tramitado, a ilicitude do peche realizado pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato que impide o libre acceso dos cidadans a zona porticada de uso público municipal procede, conseguintemente, que polo órgano de goberno municipal competente se adopte o acordo de recuperación de oficio de dita posesión, requerindo ao interesado a retirada do devandito peche e deixando libre o acceso á zona porticada, con apercibimento, noutro caso, da utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da LRXAP e PAC.

SEXTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, a adopción do acordo do exercicio da acción de recuperación de oficio da propiedade municipal na defensa dos seus bens demaniais, de conformidade co disposto no art 127.1.j LRBRL, art 54.3 TRRL, e art. 9 RBEL.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas por Da. Aurora María Nieves Blanco e D. Jose Antonio Cambor García como Presidente da Comunidade de Propietarios do do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato ó presente expediente de recuperación posesoria incoado por Decreto do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 7 de novembro do 2011 ó non resultar desvirtuados, polos motivos expostos nos antecedentes, os fundamentos xurídicos que a motivan.

2º.- Recuperar de oficio a posesión da zona porticada de uso público sita a nivel de planta baixa no edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato, desta cidade de Vigo, dunha superficie de 651,22 m², ante a súa ocupación ilícita mediante a realizacion dun peche ao longo de todo o seu perímetro pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato.

3º.- Concederlle á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do Edificio nº 10 da rúa Couto de San Honorato o prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, para que proceda á retirada do peche deixando libre o acceso á zona porticada de uso público.

4º.-Apercibirlle que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1507).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 18.11.11 SOBRE EXPROPIACIÓN FORZOSA ÁREA DOTACIONAL 6 (ABELEIRA MENÉNDEZ 14 E FERRERÍA 1). EXPTE. 4934/307.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 14.12.11, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

Coa finalidade de proceder ao procedimento expropiatorio de taxación conxunta da AD6, das parcelas de Abeleira Menéndez, nº 14 e Ferrería, nº 1, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 18 de novembro de 2011, aprobou a xeración dunha serie de documentos contables AD, con cargo á aplicación orzamentaria “CREACIÓN ESPAZOS LIBRES E URB. RÚA S. SEBASTIÁN”, a nome dos propietarios de ditas parcelas.

No caso de d. Néstor Veiga Fernández, sinálase o número de identificación fiscal que figura no rexistro da propiedade, 34.404.851-W, áinda que o servizo de intervención municipal detecta que os datos “non coinciden coa documentación aportada ao expediente polo interesado”

Deste xeito, é preciso realizar unha corrección de errores, segundo as disposicións contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local, o seguinte:

- Corrixir o erro detectado na transcripción do NIF de d. Néstor Veiga Fernández, contido no acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de novembro de 2011, de xeito que, en lugar de 34.404.851-W, debe figurar 34.404.881-D, coa finalidade de xerar o correspondente documento contable AD, con cargo á aplicación orzamentaria “CREACIÓN ESPAZOS LIBRES E URB. RÚA S. SEBASTIÁN”, aos efectos do procedemento expropiatorio.

- Dar conta do presente acordo ao servizo de intervención municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1508).- RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D. EDUARDO SEGURA DOMÍNGUEZ CONTRA PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ALGUACIL DA OEP 2008. EXPTE. 22588/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da secretaria do Órgano de Selección para o nomeamento dunha praza de alguacil, do 14.12.11, que di o seguinte:

O órgano de selección para o nomeamento dunha praza de alguacil, en sesión do día 30 de novembro de 2011, considera o seguinte, en relación co recurso de alzada formulado por D. Eduardo Segura Domínguez (doc. nº 110109515), contra a proposta de nomeamento:

1º.- O primeiro exercicio tratábase dunha proba tipo test de corrección automática segundo plantilla, na que non cabe ningunha marxe de apreciación ou valoración subxectiva por parte dos membros do tribunal.

Os exercicios corrixironse e puntuaronse ao remate do exame de conformidade coa plantilla de respostas elaborada previamente no momento de confección do exercicio.

O segundo exercicio práctico foi lido persoalmente por cada opositor ante o tribunal polo que o anonimato no desenvolvemento desta proba non era posible.

2º.- Rematado o primeiro exercicio e unha vez publicadas as puntuacións concedeuose un prazo de 10 días para formular alegacións. Presentaronse varias por distintos opositores, non obstante o recorrente non formulou ningunha alegación nin respecto das puntuacións nin tampouco ningún reparo no relativo ao desenvolvemento da proba. Resulta improcedente que o recorrente superase o 1º exercicio cunha puntuación de 7,00 e non formulase ningunha alegación e so con posterioridade ao non superar o 2º exercicio cuestione a forma de practicarse os exercicios que el consentiu, toda vez que nin durante o desenvolvemento das probas nin nos prazos de alegacións manifestou a existencia de ningunha irregularidade.

3º.- Sen prexuízo do anterior e no caso de considerarse que existiu algunha irregularidade en canto á falta de anonimato do 1º exercicio, logo que no 2º como xa sinalamos non era posible, resulta irrelevante e non incide en nada no resultado do recorrente no proceso selectivo, toda vez que unicamente habería que retrotraer o proceso e repetiríase ese primeiro exercicio sin identificación dos opositores, pero conservandose as actuacións posteriores do proceso selectivo que se manterían igual (art.66 da LRX-PAC), polo que o recorrente ao non aprobar o 2º exercicio quería igualmente eliminado da oposición.

Polo exposto, de conformidade co disposto no art. 114 da LRX-PAC, o órgano de selección formula a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Desestimar ó recurso de alzada interposto por Eduardo Segura Domínguez contra o acordo do tribunal de proposta de nomeamento adoptado en sesión de 28 de xuño de 2011 no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de alguacil.”

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Cotencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1509).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (SERVIZO POLICÍA LOCAL EVAP). EXPTE. 34998/212.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

25(1510).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 18.11.11 DE ADXUDICACIÓN DE DEZ BOLSAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS NO PERÍODO 16 DE NOVEMBRO 2011 AO 15 DE NOVEMBRO DE 2012. EXPTE. 4079/104.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 15.12.11, conformado polo concelleiro de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local aprobou o día 18 de novembro de 2011 a adxudicación de dez bolsas de formación para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos no período 16 de novembro de 2011 ao 15 de novembro de 2012.

Debido a un erro de cálculo recollido na cláusula 4º que di:

4º.- Comprométese o gasto de :

-5.160€ con cargo ao RC 201100064852 da partida 432.0481.0000 “ Transferencias a familias sen fin de lucro” do presuposto de 2011 en vigor para as catro bolsas para o período comprendido entre o 18 de novembro de 2011 e o 31 de decembro de 2012.

-75.840€ con cargo ao RC FUT1 201100064853 e partida 432.0481.0000 “ Transferencias a familias sen fin de lucro” do presupuesto futuro de 2012, para fazer fronte aos gastos derivados das catro bolsas por un período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 17 de novembro de 2012 (37.800€) e seis bolsas para o período comprendido entre o 1 de abril de 2012 a 31 de outubro de 2012 (37.800€)

Solicitase que se corrixa o texto nos seguintes termos:

4º.- Comprométese o gasto de :

-5.160€ con cargo ao RC 201100064852 da partida 432.0481.0000 “ Transferencias a familias sen fin de lucro” do presupuesto de 2011 en vigor para as catro bolsas para o período comprendido entre o 18 de novembro de 2011 e o 31 de decembro de 2012.

-75.840€ con cargo ao RC FUT1 201100064853 e partida 432.0481.0000 “ Transferencias a familias sen fin de lucro” do presupuesto futuro de 2012, para fazer fronte aos gastos derivados das catro bolsas por un período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 17 de novembro de 2012

(38.040€) e seis bolsas para o período comprendido entre o 1 de abril de 2012 a 31 de outubro de 2012 (37.800€)

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda correxir o acordo da X.Goberno local do 18.11.11 de adxudicación de dez bolsas de formación para a realización de prácticas en Oficinas de información e servizos turísticos, segundo o exposto no devandito informe-proposta.

26(1511).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS NORMAS XERAIS DO MERCADO MUNICIPAL DE CABRAL. EXPTE. 5321/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.12.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 18.11.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as “Normas Xerais do Mercado Municipal de Cabral” presentados pola Asociación de Empresarios do Mercado Municipal de Cabral, segundo o texto que de seguido se da, en todo coincidente co “Texto Refundido de Regulamento Municipal de Mercados Municipais” aprobado definitivamente na sesión plenario do día 14 de marzo de 1994, e os pregos de condicións que rexen a cesión da xestión do mercado a dita asociación.

2º.- Trasladar este acordo o Asociación de Empresarios do Mercado Municipal de Cabral e instar a súa publicación no taboleiro de anuncios do mercado e a entrega de un exemplar a cada comerciante.

NORMAS GENERALES DEL MERCADO DE CABRAL

ARTÍCULO PRIMERO

La Asociación de Empresarios del Mercado de Cabral, es el concesionario legal del Mercado de Cabral en los términos establecidos en el texto refundido del pliego de condiciones entregado en el Concello de Vigo en la cesión de la gestión del Mercado a esta Asociación.

Tales términos especifican que la Asociación es el cauce para canalizar, regular y gestionar la actividad de los comerciantes y del Mercado en general, evitando la dispersión de interlocutores con las Administraciones Públicas, Organismos Autónomos dependientes de las mismas, etc., para el correcto desarrollo del trabajo de los comerciantes en cuanto a su actividad en el mercado.

1. *Uno de los fines de la Asociación es el de mejorar el trato, atención y oferta al consumidor, lo que redundara en beneficio de todos los comerciantes. En este sentido, la Asociación oirá y dará soluciones a los problemas y reclamaciones de los comerciantes.*
2. *Todas las quejas y reclamaciones se tramitarán por mediación de la gerencia del Mercado, quien las expondrá ante la directiva para su estudio y solución.*
3. *De disponer el Mercado de gerencia, estará ayudada en su labor por el servicio de vigilancia, si lo hubiese, por lo que todo trato con dicho servicio ha de ser dentro de las normas del mayor respeto.*

Cualquier queja sobre su comportamiento se realizara por mediación de la gerencia, que dará solución a la reclamación por el mejor cauce posible, teniendo en cuenta las normas del reglamento de Mercados todos estos estatutos.

4.- De no disponer de gerencia, la función ejecutiva y máxima responsabilidad en la gestión de dicho Mercado estará a cargo del Presidente de la asociación o miembro que le sustituya en esas funciones.

NORMAS DE UTILIZACIÓN DE SERVIOS Y ESPACION COMUNES.

ARTÍCULO SEGUNDO

1. Será de plena aplicación el Reglamento Municipal de Mercados Municipales, aprobado por el Ayuntamiento de Vigo de 30 de noviembre de 1993, copia del cual se entrega a los comerciantes.

2. Horario del Mercado al público:

*Lunes a Viernes de 9:00 a 14:00h y de 15:30 a 20:00h
Sábados por la mañana de 9:00 a 14:00h*

3. Horario de limpieza a las 20:00h

4. El horario de carga- descarga se establece en un principio, entre las siete y las diez de la mañana, la asociación podrá modificar este horario siempre que convenga para un mejor funcionamiento del servicio de los comerciantes del Mercado. Las modificaciones que se produzcan seran puestas en conocimiento del departamento correspondiente del Ayuntamiento.

5. La carga y descarga se realizará, siempre por la zona adecuada para ello.

6. Esta operación (carga y descarga) se realizará con todo cuidado, quedando prohibido terminantemente manchar los pasillos y paredes; en caso de que suceda esto, el comerciante destinatario de la mercancía ha de limpiarlo y secarlo, por su cuenta, escrupulosamente. También ha de realizarse con la mayor prontitud y en horario comercial para evitar la obstaculización a los clientes y demás comerciantes.

7.

ARTÍCULO TERCERO

1. Si el Mercado dispusiese de montacargas, la zona delantera del mismo, se utilizará el tiempo imprescindible, una vez descargado el vehículo hay que retirarlo lo antes posible, no pudiendo dejarlo mientras se transporta la mercancía.

2. Los montacargas, han de estar ocupados el menor tiempo posible, no pudiendo dejarlos cargados mientras se mueve el coche o se lleva la mercancía al puesto.

3. Los montacargas son para la carga y la descarga. Solo podrán utilizarlos los propietarios con puestos fijos, su personal o sus proveedores. En todo caso podrán ser utilizados por clientes con alguna discapacidad física no puedan subir y bajar por los otros accesos.

4 .El aparcamiento será de uso exclusivo de los clientes, pues es importante facilitarles sus compras.

5. La zona de lavado es, única y exclusivamente, para lavar las cajas y baldear las cajas de los coches Queda prohibido, terminantemente lavar exteriormente el vehículo.

6 .Todos los comerciantes se encargaran de avisar a sus proveedores de todas estas normas.

7. Los pasillos y las zonas comunes han de estar despejados. No pudiendo obstaculizarlos con mercancías u objetos ajenos al normal funcionamiento del mercado con la excusa de que se esta cargando o descargando, ha de realizarse de una forma rápida y ordenada.

ARTÍCULO CUATRO

Todos los comerciantes ocuparan la delimitación física de su puesto. No se puede invadir los espacios comunes ni los puestos adyacentes.

ARTÍCULO QUINTO

1. Terminada la jornada, cada comerciante se encargara de adecentar y limpiar, tanto su puesto como la zona adyacente al mismo.

2. Cada comerciante esta obligado a tener un cubo para recoger los desperdicios. dicho cubo ha de limpiarse y desinfectarse al final de la jornada de trabajo.

ARTÍCULO SEXTO

1. Las zonas de contenedores deberán estar perfectamente delimitadas. Esta prohibido echar cajas dentro de los mismos; las cajas se han de almacenar, de la manera mas ordenada posible, en el cuarto habilitado para ello (si lo hubiese).

2. Queda prohibido depositar ningún tipo de desperdicios fuera de la zona de contenedores.

3. Todos los desperdicios que caigan al suelo han de recogerse con la mayor brevedad para que no hubiese ningún accidente.

ARTÍCULO SÉPTIMO

1. Esta rigurosamente prohibido durante las horas de despacho, realizar actividades que molesten física o estéticamente a usuarios y vendedores del mercado. Tales actividades pudieran ser: baldear las cajas y puestos, vaciar mercancías que produzcan un olor desagradable, originar ruidos estridentes e innecesarios, etc.

NORMAS DE HIGIENE Y COMPORTAMIENTO

ARTÍCULO OCTAVO

1. Es responsabilidad de cada comerciante el cumplimiento de las normas sanitarias, tanto vigentes como futuras.

2 .Todos los puestos tendrán unas instalaciones que garanticen una perfecta higiene y saneamiento. La vigilancia de que así permanezca corresponderá a la gerencia, sin perjuicio de las competencias indelegables que tienen las autoridades sanitarias.

3. La limpieza del mercado se realizará al terminar la jornada comercial.
4. Todos los vendedores han de respetar la norma sanitaria de la utilización del uniforme. Será la asamblea general o en su caso las secciones respectivas de cada actividad, quien determine que tipo de uniforme ha de ser obligado uso para cada vendedor.
5. Todos los vendedores están obligados a tener siempre un aspecto limpio y pulcro, pues ello dará siempre una imagen muy importante de cara al usuario.
6. Los puestos no han de estar solamente limpios, sino también han de parecerlo. El orden y una buena presencia son primordiales. Queda prohibido exponer cajas vacías o sucias, bolsas, paños y todo aquello que no sea imprescindible para la venta.

ARTÍCULO NOVENO

Todas las actividades comerciales del mercado tienen que acomodarse al horario de apertura y cierre estipulado por la Asamblea general, respetando siempre la ley de comercio.

ARTÍCULO DÉCIMO

1. Esta prohibido entenderse con otros comerciantes a gritos y proferir imprecaciones.
2. Esta prohibido fumar dentro del Mercado.
3. Los pesos han de estar contrastados debidamente, y existirán en el Mercado unas normas de comprobación que la gerencia podrá aplicar en todo momento de pesaje de cualquier punto de venta.
4. Todos los comerciantes y vendedores llevaran una etiqueta identificativa con su nombre y datos de su puesto.

NORMAS PARA LOS VENDEDORES DEL CAMPO

ARTÍCULO DÉCIMO PRIMERO

1. Los vendedores del campo no podrán vender nada que no hayan producido ellos mismos en su cultivo.
2. Esta actividad tiene una zona delimitada. Queda prohibido terminantemente vender fuera del puesto correspondiente.
3. El abono del recibo se efectuará en el momento que lo requiera la persona encargado de ello.
4. No podrán dejar nada en el suelo ni en las bancadas, y una vez finalizada la jornada de trabajo han de dejar todo limpio y recogido depositando los desperdicios en las zonas habilitadas para ello.

NORMAS GENERALES

ARTÍCULO DÉCIMO SEGUNDO

- *Esta prohibida la entrada y permanencia de animales vivos en el Mercado.*
- *La mendicidad y la venta ambulante queda totalmente prohibida dentro del recinto del Mercado.*
- *Queda totalmente prohibida cualquier actividad que vaya contra la moral o el orden publico.*
- *En caso de un cambio de actividad hay que pedir autorización escrita a la asociación o en su caso a la asamblea general.*
- *Cuando un asociado se jubila no podrá permanecer su puesto cerrado en un periodo de tiempo superior a un mes. Quedando este mismo a disposición del mercado pudiendo con ello cederlo a otra persona interesada que quiera la concesión.*

NORMAS EN OBRAS Y REFORMAS

ARTÍCULO DÉCIMO TERCERO

1. *En caso de obras cualquier tipo de obra mayor o menor, todas las reformas que se realicen dentro de los puestos han de contar con la aprobación y autorización escrita de la asociación. Para ello se ha de solicitar permiso por escrito, informando de la obra a realizar. En caso de obras mayores hay que solicitar el permiso correspondiente al Ayuntamiento al que se acompañará la conformidad de la asociación.*
2. *Cuando se sustituyan mostradores estos no podrán sobresalir más de 25 cm de la limitación física del puesto.*

NORMAS ECONÓMICAS

ARTÍCULO DÉCIMO CUARTO

Los comerciantes, arrendatarios, etc., cumplirán escrupulosamente lo a obligación de abonar el importe del recibo mensual el ultimo día de cada mes.

FALTAS

ARTÍCULO DÉCIMO QUINTO

Tanto las faltas como las sanciones son las contempladas en texto refundido del reglamento de mercados municipales así como el pliego de condiciones entregado por el ayuntamiento a la concesionaria de este mercado.

Las faltas pueden ser: leves, graves, y muy graves.

ARTÍCULO DÉCIMO SEXTO

Se consideran faltas leves:

1. *No ostentar el uniforme o la identificación obligatorios por las normas.*
2. *Entablar conversaciones en tono inadecuado por parte de los comerciantes*
3. *Fumar dentro del puesto*
4. *Arrojar desperdicios, papeles u objetos al área de servicios comunes.*
5. *No observas las normas respecto al montacargas, aparcamiento, o zona de carga y descarga específicas en los estatutos.*
6. *El retraso en el pago de la cuota mensual.*
7. *No mantener el orden previsto dentro del puesto.*

ARTÍCULO DÉCIMO SÉPTIMO

Se consideran faltas graves

- a) *La reincidencia de cualquier falta leve.*
- b) *Las infracciones a los reglamentos sanitarios denunciados por las autoridades competentes, que impliquen mero descuido o negligencia.*
- c) *No respetar las órdenes de la gerencia, aunque sean dadas por el servicio de vigilancia, cuando se refieren a la aplicación de los estatutos.*
- d) *La acumulación de dos cuotas impagadas.*
- e) *Promover altercados que afecten gravemente al buen orden del Mercado.*
- f) *Dirigirse a comerciantes o clientes mediante expresiones o frases intimidatorias, vejatorias o que atenten contra la dignidad o el honor.*

ARTÍCULO DÉCIMO OCTAVO

Se consideran faltas muy graves:

- a) *La reiteración de faltas graves en el plazo de un año.*
- b) *El abuso en el peso de las mercancías.*
- c) *La obstrucción en el ejercicio de las funciones de inspección y control por las autoridades o sus agentes.*
- d) *El incumplimiento de las normas higiénico-sanitarias que revistan gravedad.*
- e) *La transmisión o cesión del mismo sin autorización del concesionario.*
- f) *Cualquier otra análoga o semejante a las anteriores, que no hallándose precisada en los apartados precedentes, fuese de naturaleza tal, que la asamblea general la calificase de muy grave.*
- g) *No cumplir el horario de cierre.*

SANCIÓN

ARTÍCULO DÉCIMO NOVENO

- *Para las faltas leves: sanción entre 6€ y 30€*
- *Para las faltas graves: sanción entre 30€ y 50€*
- *Para las faltas muy graves: sanción 150€ y 600€ o perdida del puesto en caso de reiteración de dos faltas muy graves en el periodo de dos años.*

27(1512).- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NAS ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS XA CONSTITUÍDAS. EXPTE. 5043/401.

Dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral, do 30.11.11, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) prevé que as entidades urbanísticas terán representación municipal nos seus órganos xestores; así o prevé expresamente para as xuntas de compensación (art. 155.5) e para as sociedades mercantís que se constitúan para a xestión do sistema de concerto (arts. 152.2), sen prexuízo dos de-reitos e facultades que correspondan ao Excmo. Concello de Vigo en canto sexa propietario de terreos incluídos nos respectivos ámbitos.

A designación do representante municipal nos órganos reitores das xuntas de compensación efectúase no acordo de aprobación definitiva das bases e estatutos da Xunta de Compensación (art. 155.5 LOUGA), ou en momento equivalente no resto das entidades urbanísticas, sendo competente para a adop-ción do mesmo a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal (arts. 10.1.d] e j] e 2.4.A).8 dos Estatutos da XMU).

II.- Por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 23.09.2011 (exp. 4986/401), a iniciativa da Concelleira-delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, adoptouse o criterio de que o posto terá un mellor desempeño se é desenvolvido por un funcionario, propondo o nomeamento de D.^a Belén González Ramírez, arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión.

Porén, o dito cambio de criterio non ten efecto sobre os representantes municipais designados para as entidades urbanísticas constituídas con anterioridade á súa formulación, resultando que na actualida-de concorre unha pléiade de representantes para a realización das mesmas funcións representati-vas nas distintas entidades urbanísticas, que redunda nunha perda de operatividade no exercicio das funcións reservadas ao mesmo pola normativa aplicable.

III.- Co obxecto de evitar os prexuízos derivados da multiplicidade de representantes municipais nas entidades urbanísticas xa constituídas, en aras a unha mellor observancia dos criterios de eficacia e eficiencia na xestión que deben informar a actuación da Xerencia Municipal de Urbanismo segundo se destaca no Preámbulo dos seus Estatutos, cómpre unificar a figura do representante municipal nunha única persoa.

A designación dun único representante municipal simplificará a xestión e tramitación tanto á Xeren-cia Municipal de Urbanismo como ás entidades urbanísticas, reducindo a carga administrativa e axu-dando a que se obteña unha relación máis fluída entre a Administración e os seus colaboradores e os administrados.

IV.- Os acordos de designación do representante municipal prodúcense de ordinario no acto de apro-bación definitiva da constitución ou das bases de actuación e estatutos das entidades urbanísticas, que requiren como requisito de eficacia a súa publicación; por conseguinte, a designación do repre-sentante municipal que se proporá debe publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Porén, o representante municipal nas entidades urbanísticas de colaboración que se constitúan con posterioridade ao acordo que a seguir se proporá deberá ser designado no acordo municipal corres-pondente, segundo a normativa urbanística aplicable.

V.- Corresponde adoptar o acordo que se proporá á Xunta de Goberno Local (art. 127.1 LBRL), a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (art. 10.1.j] dos Estatutos da XMU).

PROPOSTA

Vistas as anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte:

«ACORDO:

- PRIMEIRO:** Designar como representante municipal nas entidades urbanísticas colaboradoras actualmente constituídas á arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión, D.^a Belén González Ramírez.
- SEGUNDO:** Notificar o presente nomeamento á designada, para o seu coñecemento.
- TERCEIRO:** Comunicar individualmente ás entidades urbanísticas de colaboración constituídas a designación da representante municipal.
- CUARTO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vigo e na intranet municipal, para común coñecemento.»

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión realizada o día 16.12.11, acorda por maioría, someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

- PRIMEIRO:** Designar como representante municipal nas entidades urbanísticas colaboradoras actualmente constituídas á arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión, D.^a Belén González Ramírez.
- SEGUNDO:** Notificar o presente nomeamento á designada, para o seu coñecemento.
- TERCEIRO:** Comunicar individualmente ás entidades urbanísticas de colaboración constituídas a designación da representante municipal.
- CUARTO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vigo e na intranet municipal, para común coñecemento.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(1513).- REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS, LIMPEZA VIARIA E LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 19264/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 7.09.11, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a 6º.- revisión ordinaria de prezos do contrato de recollida de residuos sólidos urbáns, limpeza viaria e limpeza de prais, cuia adxudicataria é a empresa FCC, S.A., fixando o prezo contractual a partir do 1 de xuño de 2009 nos seguintes importes:

- Periodo 1 de xuño de 2009 a 1 de xullo de 2009 – 19.921.157,97 euros/ano.
- Periodo 1 de xullo de 2009 a 1 de outubro de 2009, por cambio cuota amortización: 20.043,384,93 euros/ano.
- Periodo 1 de outubro de 2009 a 1 de xullo de 2010, pola ampliación do contrato: 22.670.191,71 euros/ano.
- Periodo de 1 de xulio de 2010 a 1 de xuño de 2011, cambio tipo IVE: 22.882.062,67 euros ano.

2º.- Recoñecer á empresa adxudicataria, en concepto de atrasos pola diferencia de prezos entre o prezo revisado, e o prezo facturado pola empresa, incluíndo a ampliación do contrato de data 04/09/2009 ata xuño de 2011, a cantidade de 1.088.782,42 euros.

3º.- Dito gasto poderase imputar a partida presupuestaria do servizo de limpeza 1620.227.0000.

4º.- Denegar o apartado III) e IV) da solicitude da empresa referente a revisión da man de obra pola aplicación do convenio colectivo vixente da empresa, ó entender que a revisión deberase axustar ó prego de claúsulas administrativas que rexeu a contratación, no que se preve que a revisión da man de obra efectuarase pola aplicación do ipc do ano de revisión mais 1,5 puntos.

29(1514).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.000 € A FAVOR DE “GROUPAMA PLUS ULTRA SEGUROS Y REASEGUROS S.A.” POLO GASTO DERIVADO DA COBERTURA DO SEGURO DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAL. EXPTE. 8829/445.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.11, o informe xurídico do 21.12.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil do 19.12.11, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado da cobertura do seguro da flota de vehículos municipal correspondente ao periodo do 01/10/2011 hasta o 26/11/2011, que figura na factura emitida pola aseguradora “Groupama Plus Ultura Seguros y Reaseguros, S.A.”, por importe de 45.000 euros, en concepto de prima. O referido importe debe facerse efectivo a nome de B.V.C. Artai Correduría de Seguros, tal como figura na propia nota de cargo.

Recoñecer a correspondente obriga xa que existe crédito na partida orzamentaria destinada a este fin, a 9222.224.00.00.

30(1515).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.